



Orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela

2020

Cumprindo cun futuro sustentable

Datas de aprobación e publicación:

- Consello de Goberno: 20 de decembro de 2019
- Consello Social: 27 de decembro de 2019
- Publicación do DOG: 9 de xaneiro de 2020

Índice

I. LIMIAR	4
Referencia normativa.....	4
Contorna, situación e oportunidades.....	5
Liñas estratéxicas e instrumentais para o 2020	16
Vinculación cos eixes estratéxicos da Programación Plurianual 2019-2022	20
Principais novidades para o exercicio 2020	21
Estrutura dos orzamentos.....	27
II. ORZAMENTO DA USC PARA 2020	30
III. BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO	34
ANEXOS	48
Anexo A. Clasificación orgánica do orzamento	49
Anexo B. Orzamento de ingresos 2019 [*]	54
Anexo C. Orzamento de gastos 2019 [*]	60
Anexo D. Créditos asignados aos departamentos universitarios.....	71
Anexo E. Custos indirectos	73
Anexo F. Tarifas	74
Anexo G. Cadros de persoal.....	141
Anexo H. Relación de postos de traballo do PAS	144
Anexo I. Relación de postos de traballo do PDI	186

ACRÓNIMOS UTILIZADOS:

ATIC	Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacions
AVTE	Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC
BUSC	Biblioteca Universitaria da USC
CEBEGA	Centro de Biomedicina Experimental
CEDE	Centro de Documentación Europea
CEP	Centro de Estudos Propios
CeTA	Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe
EDIUS	Escola de Doutoramento Internacional
CIMUS	Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas da USC
CIQUS	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares da USC
CISUG	Consortio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia
CITIUS	Centro de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC
CLM	Centro de Linguas Modernas
CPT	Complemento Persoal e Transitorio
CRUE	Conferencia de Reitores das Universidades Españolas
DAG	Actividades de dirección, administración e xerais (contabilidade analítica)
IPC	Índice de prezos ao consumo
ITMATI	Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial
PAS	Persoal de Administración e Servizos
PDI	Persoal Docente e Investigador
PE-FR	Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio
PGFU	Plan Galego de Financiamento Universitario
RAM	Reparación, ampliación e mellora
RIAITD	Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico
RPD	Renda persoal dispoñible
SERGAS	Servizo Galego de Saúde
SUR	Servizo Universitario de Residencias
USC	Universidade de Santiago de Compostela

I. LIMIAR

I

Referencia normativa

O Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela dedica o título VII, “Do réxime económico e da programación plurianual”, ao proceso de definición e desenvolvemento da execución orzamentaria da institución. De acordo co artigo 171, unha vez aprobadas as liñas xerais no Claustro celebrado o 28 de novembro de 2019, “o reitor presentará o proxecto de orzamento perante o Consello de Goberno, que o enviará ao Consello Social para a súa aprobación”. Pola súa banda, o Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno (*aprobado por Consello de Goberno do 17 de decembro de 2014*) dispón o seguinte, no seu artigo 24. *Da aprobación da programación plurianual e do orzamento:*

“1.- Unha vez aprobadas as liñas xerais polo Claustro, o equipo de goberno someterá á aprobación do Consello de Goberno tanto a programación plurianual ou a súa revisión, como o orzamento.

2- O proxecto de orzamentos porase á disposición de toda a comunidade universitaria.

3.- Os membros do Consello de Goberno disporán dun prazo non inferior a 10 días para a análise do proxecto de orzamentos e da programación plurianual e para a presentación de emendas.

4.- Rematado o prazo de presentación de emendas, tanto a programación plurianual como o orzamento serán sometidos a debate e informe na Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno.”

A Resolución do 20 de xuño de 2018 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios atribúe ao xerente, no apartado III. *Delegación de competencias en favor do/a xerente, Décimo cuarto, B) En materia económico-financeira e orzamentaria*, a competencia para a elaboración do proxecto de orzamentos anual.

De acordo con estas previsións preséntase este documento que contén o proxecto de orzamentos para o exercicio 2020 para, logo do debate na Comisión de Asuntos Económicos e do propio pleno do Consello de Goberno, ser proposto por este órgano para a aprobación definitiva por parte do Consello Social.

Para a súa elaboración tiveronse en conta as previsións contidas nas diversas normas de carácter estatal e autonómico, de entre as que cómpre salientar as seguintes:

- Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.
- Real decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.
- Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Real decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade..
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro
- Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Do mesmo xeito, tamén se tiveron en conta as disposicións do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno e do Regulamento de xestión orzamentaria.

II

Contorna, situación e oportunidades

A contorna

O contexto actual polos motivos que se describen a continuación condiciona os orzamentos a aprobar pola Universidade de Santiago de Compostela.

A Comisión de seguimento do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2010 reuniuse nos meses de outubro e decembro e nela deuse conta das previsións de evolución dos fondos que o conforman segundo as referencias establecidas no Plan, das contías correspondentes ao subfondo por custo estándar e obra RAM para cada universidade, e do fondo relativo a resultados.

Con respecto ao 2019 a Universidade de Santiago de Compostela mantense na mesma porcentaxe no subfondo por custo estándar e aumenta lixeiramente, no subfondo por

resultados, mellorando en 7 dos 12 indicadores que compoñen o panel e acadando un peso do 44,30% nese subfondo e do 41,23% globalmente.

As previsións realizadas para a elaboración das liñas xerais do orzamento aprobadas no Claustro da Universidade de Santiago de Compostela o 28 de novembro están axustadas ás comunicadas na Comisión de Seguimento aínda que non inclúe inicialmente o incremento retributivo polo que quedan pendentes de distribuír 5 millóns entre as 3 universidades de producirse a habilitación legal para este incremento.

O proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o 2020, actualmente en estado de tramitación, eleva en 11 millóns o total do Plan Galego de Financiamento Universitario pero esta contía non se destina na súa totalidade ao reparto directo ás universidades senón que nela computan outros fondos como os destinados ao mantemento da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ou a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), así como proxectos da Xunta de Galicia. Sirva como exemplo a construción do Edificio Fontán na Cidade da Cultura para o que se destinan 2,8 millóns.

O subfondo de custo estándar, o de maior contía e que está destinado a financiar o mantemento estrutural das tres universidades, presenta un incremento de 5 millóns de euros condicionado ao momento en que se habilite pola normativa da Administración xeral do Estado o incremento retributivo previsto para o 2020. Cabe destacar que a súa aplicación supón preto de 8 millóns de euros nas tres universidades (arredor de 3,3 na USC) polo que a diferenza minora os recursos dispoñibles para o resto de gasto estrutural. De ser aplicable, suporá a mellora das condicións do persoal e o empeoramento económico da institución ao non aumentar na mesma contía o fondo dedicado ao financiamento estrutural das Universidades que conforman o SUG.

No relativo ao panorama estatal a previsión é que se teña que agardar á conformación dun goberno para concretar o incremento retributivo mencionado. Por outra parte, no caso de prórroga dos orzamentos do 2018, suporá unha limitación para o Estado no gasto que pode ter consecuencias para as administración públicas e, por suposto, para as universidades que non dispoñen de capacidade para xerar recursos propios.

Pero non é esta a única decisión legislativa que afecta ao seu financiamento. O Real decreto-lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, supuxo un incremento considerable nos custos da cota patronal da seguridade social para 2019 ao aumentar as bases máximas de

cotización, modificando tamén á alza os tipos para as continxencias por accidente de traballo e enfermidade profesional nun 0.5%.

Na mesma liña, a aprobación do Estatuto do Persoal Investigador en Formación (Real Decreto 103/2019, do 1 de marzo, BOE núm. 64, do 15 de marzo de 2019) establece unha referencia retributiva ao vixente convenio colectivo único do persoal laboral da administración do Estado. Porén, as convocatorias estatais non dotan os recursos necesarios para esta equiparación obrigando aos organismos investigadores, entre eles as universidades, a financiar a diferenza con recursos propios.

Por último, o escenario macroeconómico non escapa tampouco á situación de incerteza. De acordo coas previsións do Programa de Estabilidade 2019-2022 do Reino de España, agárdase unha desaceleración do crecemento e da creación de emprego do 2,2% para o 2019, 1,9% no 2020 e 1,8% en 2021 e 2022. A isto únese a necesidade de seguir contendo o gasto público para reducir o déficit ata o 2% do PIB en 2019, o 1,1% en 2020, o 0,4% en 2021 e acadar unha situación de equilibrio no ano 2022.

O axuste fiscal necesario para reducir o gasto público e aumentar os ingresos manterá nos próximos anos o esforzo para reducir o déficit estrutural desde o 2,6% correspondente ao ano 2018 ata o 1,1% no ano 2022. Non obstante, tal e como recolle a actualización do Programa de estabilidade 2019-2022, as prioridades de gasto estarán relacionadas coas políticas de educación e sanidade e cos investimentos produtivos co obxectivo de que a I+D+i acade o 2% do PIB no 2022. De manterse estes compromisos poderían ser favorables para a evolución económica da Universidade.

As previsións están condicionadas, en calquera caso, polas fortes incertezas derivadas da evolución do escenario político estatal, os cambios no escenario internacional como consecuencia de tensións comerciais, a desaceleración da maioría das principais economías do mundo e a incertidume derivada dos posibles efectos do Brexit.

A situación

Ademais da contorna cómpre ter en conta a situación económica da Universidade. O peche de contas do ano 2018 produciuse en situación de déficit. O exercicio tivo un resultado orzamentario axustado negativo de -1.149.410,53 euros que se suma ao déficit estrutural elevando a cifra a -10,3 millóns de euros.



Exercicio	Déficit de financiamento acumulado	Resultado orzamentario axustado
2013	9.263.960,06	-8.737.829,66
2014	14.657.120,24	-5.351.914,29
2015	12.686.776,65	1.660.417,88
2016	9.474.912,11	2.954.413,96
2017	9.188.256,42	286.655,69
2018	10.337.693,05	-1.149.436,63

A Universidade de Santiago de Compostela ten un nivel de déficit acumulado que se pode cualificar como estrutural a pesar das reducións nos exercicios 2016 e 2017. Nestes exercicios tiveron lugar circunstancias singulares que se comentan a continuación e que contribuíron a esa redución.

Os anticipos reembolsables figuran como débeda financeira xa que se materializan como préstamos que, unha vez certificado o gasto, se converten en subvención e cancelan o préstamo. Esta dinámica, ao tratarse de financiamento para actividades plurianuais xera distorsións nos exercicios nos que se produce a cancelación.

Así mesmo, tivo lugar un importante ingreso derivado da recuperación de IVE tal e como se explica na páxina 24 do informe en relación co artigo 39 de ingresos “*A partida fundamental deste artigo recolle 4 millóns de euros correspondentes á devolución do IVE soportado na investigación básica dos anos 2005 a 2008 por sentenzas do Tribunal Supremo de 8/3/16 (exercicio 2005) e da Audiencia Nacional de 7/4/16 (exercicios 2006-2007-2008)*”

Por outra banda, no ano 2017, tal e como se recolle no Informe de xestión 2017 (páxina 21) “*O superávit prodúcese polos ingresos extraordinarios consecuencia dos xuros de*

demora cobrados pola sentenza de devolución do IVE (2011-2012-2013) –capítulo 5 e pola venda do Hospital de Galeras –Capítulo 6.”

Para unha comprensión cabal da situación financeira da USC débese ter en consideración a incidencia da incorporación de remanentes dun exercicio ao seguinte. Esta técnica contable debe empregarse, de conformidade coas normas dos Principios Contables Públicos, cando o recoñecemento dun dereito destinado a unha actividade específica (proxectos de investigación, subvencións ou convenios entre outros) se realiza nun exercicio pero ten carácter plurianual. O dereito recoñécese pola súa totalidade nese exercicio pero o gasto realizarase en sucesivos exercicios, trasladando así o gasto aos seguintes orzamentos. A finalidade é a de controlar e poder xustificar que os fondos se destinan a esa actividade concreta e non a outras.

Non obstante, esta excepción á regra xeral afonda na estruturalización do déficit da Universidade pois o que se está trasladando é o gasto sen un ingreso que o respalde nese exercicio. Os remanentes de tesourería non son suficientes para financiar as actividades de carácter finalista polo que se debe completar esa contía con outros fondos.

A evolución dos remanentes incorporados a cada exercicio é a seguinte:

Ano	Remanentes incorporados	Déficit acumulado
2015	32.855.304,34	14.657.120,24
2016	29.797.082,89	12.686.776,65
2017	37.225.511,10	9.474.912,11
2018	31.200.734,95	9.188.256,42
2019	32.364.750,36	10.337.666,95

Como se explicou ao principio do apartado, o déficit estrutural da Universidade ten unha evolución histórica que obrigou nos últimos anos a presentar plans de equilibrio ou económico-financeiros que non conseguiron resolver o problema de fondo asociado ás dinámicas descritas e á falta de recursos que cubran os custos estruturais da institución, cada vez máis elevados na parte de gasto corrente.

O último Plan de Reequilibrio Económico-Financeiro foi aprobado no Consello Social do 22 de setembro de 2014 e aprobado pola Consellería de Facenda o 26 de novembro de 2014. Como consecuencia da entrada en funcionamento do novo Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, comunicouse á Xunta unha revisión do Plan Financeiro de

Reequilibrio, aprobado no Consello Social o 27 de novembro de 2015, tendo en conta as novas previsións.

O PERF baseábase nunha serie de medidas que permitirían absorber en 6 anos o déficit acumulado da institución, que naquel momento era de 16,3 millóns de euros, e por outra parte, aprobar orzamentos en equilibrio ou superávit a partir do exercicio 2020.

No Capítulo I de persoal o Plan prevía a amortización de prazas de PDI e PAS funcionario por xubilacións forzosas (-10,4 millóns €)

A amortización afectaba inicialmente a 138 prazas de PDI e 81 prazas de PAS, repoñendo o 10% de PDI (taxa permitida no ano 2014) e o 0% de PAS, o que supoñía 13 prazas novas de PDI e unha redución neta de 125 prazas de PDI.

No ano 2015 a taxa de reposición para o PDI elevouse ao 50% e no 2016 ao 100% incorporando novo persoal e supoñendo unha revisión do plan de amortizacións inicial que se materializa na revisión do ano 2015 mediante a aplicación de 950.000 euros a repoñer efectivos. Así, a redución efectiva de custes de persoal antes da aplicación das medidas de incrementos e recuperacións retributivas no período 2015-2017 foi do 3,85%.

En todo caso, cómpre valorar na súa xusta medida que o mantemento do número de efectivos garantiu a continuidade das funcións que a Universidade ten encomendadas.

A evolución do número de efectivos contratados con fondos do capítulo VI foi a seguinte:

	2015	2016	2017	2018
Investigadores ETC	531,84	553,13	628,74	639,95
Investigadores Programas RRHH*	364	379	406	454
Total ETC	895,84	932,13	1034,74	1093,95

*Os datos son a 31/12 de cada ano. Os investigadores con cargo a programas de RRHH teñen dedicación a tempo completo.

No resto de capítulos sobre os que o Plan prevía actuar (II e IV) as liquidacións definitivas dos correspondentes exercicios no que atinxe a ingresos e gastos non afectados, aproximáronse ao previsto nel.

En relación coa débeda bancaria da Universidade, a súa renegociación produciuse tal como se contemplaba no PEFR, con dous anos de carencia na súa amortización (2015 e 2016). Así mesmo, houbo un reagrupamento dos préstamos que tivo como consecuencia un incremento nos xuros.

No suposto dos anticipos reembolsables, o PEFR prevía un aprazamento das cantidades a amortizar anualmente (co conseguinte custo de xuros), agás as contías que, ou ben se debían reintegrar á Xunta de Galicia (802.908 euros anuais ata 2018), ou para as que se recibiría un financiamento afectado da Xunta para a súa devolución (1.168.291 euros anuais ata 2016).

O impacto dese aprazamento, ademais dos xuros xa mencionados, recaería nos exercicios 2018, 2019 e 2020, onde se repercutirían nos orzamentos importes superiores aos previstos por 0,3 M€, 4,8 M€ e 1,8 M€ respectivamente.

Isto obrigou, como xa se indicou nas liñas xerais e no orzamento para o ano 2019, a unha nova reprogramación no ano 2018 que permitise aplanar a débeda nos exercicios seguintes. Obtívose un alongamento dos prazos de reembolso ata 2028, unha redución dos tipos de xuros, así como dous anos de carencia para o caso da débeda a reintegrar á Administración Autonómica.

As previsións do PEFR víronse modificadas de xeito importante ao aplicar os recursos obtidos pola venda da parcela de Galeras e destinar esa contía a cancelar unha boa parte das amortizacións antes aprazadas, como se comentou anteriormente (en total 5,8 M€ para amortización do principal, e 0,3 M€ para xuros).

En conclusión, a situación da universidade está condicionada polo déficit estrutural que se traslada dun exercicio ao seguinte, polas dinámicas xeradas como consecuencia da actividades financiadas con carácter finalista e pola insuficiencia dos recursos incondicionados captados para xerar un aforro que permitan o desenvolvemento das políticas da institución con suficiencia e autonomía.

Actualmente, como consecuencia do peche das contas do ano 2018 en situación de déficit en termos SEC-2010 por unha contía de 1,3 millóns de euros, foi necesaria a presentación dun borrador de Plan Económico-Financeiro para os anos 2019 e 2020 en cumprimento das disposicións contidas na Lei 2/2011 do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira de Galicia e do Plan Galego de Financiamento Universitario do SUG 2016-2020.

Este borrador, remitido á Consellería de Facenda no mes de agosto e pendente de aprobación nos órganos de goberno da Universidade, baséase en medidas de contención do gasto corrente, fundamentalmente mediante o cambio no modelo de xestión do contrato da limpeza de edificios na USC e nas principais subministracións así como na redución da

contratación temporal de persoal en aplicación do disposto nas leis de orzamentos de Galicia. Así mesmo, contéplase unha redución do 10% do gasto corrente dos centros orgánicos. Estas medidas non afectan ás previsións dos plans para o persoal da USC.

Pola parte dos ingresos, introdúcense medidas para o seu aumento a través da cooperación institucional poñendo en valor os servizos de extensión universitaria que a Universidade abre á cidadanía das cidades onde ten presenza, e tamén mediante o alleamento de bens inmobles sen uso actualmente.

A pesar de que se dispón da autorización sobre o límite de masa salarial para o ano 2020, non existe comunicación polo momento sobre as Ofertas de Emprego Público de Persoal Docente e Investigador e do Persoal de Administración e Servizos correspondentes ao ano 2019 e que teñen repercusión no exercicio 2020.

En relación co ano 2019, cómpre tamén render contas sobre a execución dos obxectivos fixados nas anteriores liñas xerais, sen prexuízo da revisión das liñas da Programación Plurianual.

1. O refinanciamento da débeda: levouse a cabo a reprogramación temporal da débeda que consistiu no alongamento dos prazos de reembolso ata o 2028, a redución do tipo de xuros así como dous anos de carencia para o caso da débeda a reintegrar á Administración autonómica.

Ano	Situación en 2018			Situación en 2019 (reprogramación)		
	Débeda bancaria	Anticipos estatais e autonómicos	Total	Débeda bancaria	Anticipos estatais e autonómicos	Total
2020	3.864.123,89	2.881.182,00	6.745.305,89	1.827.689,17	2.050.941,61	3.878.630,78
2021	3.900.678,62	933.694,45	4.834.373,07	1.841.931,98	710.728,84	2.552.660,82
2022	3.937.980,74	887.184,06	4.825.164,80	1.856.465,98	664.218,44	2.520.684,42
2023	940.170,94	848.200,41	1.788.371,35	1.871.297,13	625.234,79	2.496.531,92
2024	940.170,94	670.292,06	1.610.463,00	1.886.431,50	625.234,73	2.511.666,23
2025	940.170,94	-	940.170,94	1.901.875,29	579.942,71	2.481.818,00
2026	-	-	-	1.917.634,82	579.942,71	2.497.577,53
2027	-	-	-	1.933.716,56	579.942,71	2.513.659,27
2028	-	-	-	1.833.615,61	579.942,71	2.413.558,32
TOTAIS	14.523.296,07	6.220.552,98	20.743.849,05	16.870.658,04	6.996.129,23	23.866.787,29

2. O investimento estratéxico que xere aforro ou redución de custos no futuro: Nos orzamentos de 2019 destináronse 800.000 euros aos centros para descentralizar a obra RAM menor de xeito que se realice de forma máis áxil.

Así mesmo, iniciáronse as actuacións para realizar investimentos que reduzan os consumos e o mantemento, aumenten a eficiencia enerxética e promovan a sustentabilidade.

3. Tecnoloxías da información e das comunicacións: a nova web institucional e a nova app para dispositivos móbiles centraron unha das melloras neste ámbito e poñeranse en marcha no mes de decembro. Estes dous elementos teñen por finalidade mellorar a comunicación e facilitar as xestións, en especial as dirixidas ao alumnado.

Por outra banda, introducíronse novos servizos telemáticos destinados á comunidade universitaria, nomeadamente no ámbito da selección de persoal. Por primeira vez, os procesos selectivos para o profesorado non permanente foron electrónicos mellorando substancialmente a axilidade do proceso e facilitando ás persoas aspirantes os trámites necesarios para presentarse a unha praza.

Así mesmo, producíronse avances importantes no eido da administración electrónica facendo máis eficiente a prestación dos servizos. Ampliouse o número de procedementos e formularios para a realización de trámites na Sede Electrónica, púxose en marcha o rexistro electrónico e un novo sistema de comunicacións internas entre unidades administrativas e comezouse a interoperar con outras administracións públicas para a consulta de datos. Tamén se ampliaron os ámbitos nos que se poden obter certificacións electrónicas automatizadas.

En relación co alumnado, producíronse avances na mellora dos servizos académicos coa instalación dun novo módulo para a xestión dos estudos de doutoramento, a elaboración dunhas novas táboas para o recoñecemento de cualificacións dos estudos realizados en réxime de intercambio e a expedición dun elevado número de títulos como consecuencia da retirada do requisito de coñecemento dunha lingua estranxeira para graduarse.

4. A normalización e redución dos incrementos producidos nos Capítulos I e VI relativos ao persoal:

4.1 reducir a conflictividade xudicial e revisar os procedementos de contratación no capítulo VI: as negociacións cos representantes do persoal no ámbito do Capítulo VI frutificaron polo momento nun novo regulamento de selección e continuarán para o establecemento de categorías e retribucións para o persoal investigador e para o persoal de apoio á investigación. Isto permitirá unha regulación máis xusta das condicións de traballo e maior

seguridade xurídica para todos, incluída a institución. Así mesmo, tamén se está explorando a vía do contrato indefinido disposto no Real decreto-lei 3/2019, do 8 de febreiro, de medidas urxentes no ámbito da Ciencia, a Tecnoloxía, a Innovación e a Universidade como solución á precariedade deste colectivo.

4.2 estabilizar o persoal temporal do capítulo I: as convocatorias de selección de persoal no ámbito de PDI e PAS contemplan a estabilización do persoal temporal do capítulo I, reducindo no primeiro caso as figuras de profesor substituto e incluíndo nas ofertas as prazas de estabilización no segundo colectivo.

4.3 reorganizar os efectivos para prestar novos servizos demandados. Destaca neste punto a reforma da Relación de Postos de Traballo para a posta en marcha do CEBEGA, que entrará en funcionamento finalmente no mes de novembro e a revisión da estrutura da Secretaría Xeral, reforzando singularmente o Servizo de Asesoría Xurídica e creando unha área de seguridade da información. Así mesmo, o Plan para o PAS 2019-2022 presentado en maio deste ano contempla tamén a revisión da Relación de Postos de Traballo do resto de servizos.

5. A redución do gasto corrente en 2 millóns de euros nos próximos catro anos. No gasto corrente inclúense os custos de persoal e os de funcionamento ordinario como subministracións, limpeza ou seguridade entre outros. No primeiro dos exercicios, é dicir, 2019 realizouse unha contención na contratación temporal do capítulo I, reasignando docencia no caso do persoal docente e asignando funcións temporalmente para dar resposta a cargas puntuais de traballo e eliminando os contratos de reforzo. Esta redución tivo un impacto de arredor de 130 mil euros.

Cómpre tamén facer referencia á prórroga forzosa dos contratos de limpeza de edificios que se realizaron por un período inicial de 6 meses e que non supuxeron un incremento de custos ao manter as condicións nas que se estaban prestando.

6. O incremento dos ingresos mediante a revisión de canons por unha parte, e das tarifas e prezos de servizos prestados. Nos orzamentos do ano 2019 revisáronse as tarifas incrementándose de acordo co Índice de Prezos ao Consumo (IPC), tal e como establece a normativa aplicable.

7. A busca de alianzas coas outras universidades galegas, coas administracións locais e co goberno autonómico para compartir recursos que supoñan un aforro e racionalicen os custos. Os contactos institucionais a todos os niveis intensificáronse permitindo a constitución de grupos de traballo que desbloqueasen actuacións necesarias como as que se iniciarán no Campus Sur de Santiago neste último trimestre de 2019.

Nesta mesma liña estase traballando actualmente na sinatura dun protocolo co CIXTEC cuxo obxecto é a posta a disposición, de maneira gratuíta para a Universidade, das plataformas informáticas de xestión dos diferentes ámbitos que se empregan na Administración autonómica. A primeira delas, a ferramenta de licitación Silex, destinada á xestión da contratación pública electrónica contemplada na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector público, porase en funcionamento en xaneiro de 2020.

8. A revisión dos entes instrumentais, tratando de integrar no novo Consorcio aquelas unidades que sexan factibles, e definindo un tamaño mínimo e rendible. O proceso de integración no novo Consorcio púxose en marcha e permitirá a racionalización das estruturas que xestionan servizos para as tres universidades, singularmente a Comisión interuniversitaria de Galicia e Bugalicia. A Universidade de Santiago de Compostela lidera esta integración, ao presidir a Comisión de liquidación do anterior Consorcio (Cixug).

9. O axuste das necesidades do servizo de bibliotecas ao novo calendario académico: realizáronse os axustes necesarios no servizo de bibliotecas, previa negociación cos representantes do alumnado, para asegurar a maior amplitude de horarios e de espazos nos períodos de avaliación.

Oportunidades

A situación descrita non é favorable pero os problemas estruturais da universidade continuarán agravándose se non se adoptan medidas excepcionais. A simple contención do gasto, como xa queda demostrado coa xestión dos últimos anos, non solucionará as eivas actuais e o que podería ser peor, lastrarán a viabilidade da institución e a posibilidade de adaptarse aos cambios que se están producindo na docencia e na investigación se non se produce a compensación ou axuste por parte da Xunta de Galicia.

Por isto, os orzamentos que se presentan apostan polo futuro da Universidade con valentía pero tamén con rigor, transparencia e responsabilidade e co obxectivo de camiñar cara a sostibilidade a medio prazo para que a USC siga liderando o coñecemento en Galicia. Non se trata de gastar máis, senón de gastar para acadar os resultados que permitan un novo modelo de gobernanza económica e que senten as bases da recuperación da institución.

Temos que ser quen de asumir riscos apostando por políticas de gasto con actuacións ben deseñadas, enfocadas á consecución dos obxectivos establecidos na Programación Plurianual e ter a capacidade de executalas e ao mesmo tempo ser quen de liderar , coa aprobación dos órganos de goberno da Universidade, actuacións de denuncia da actual situación e demandar da Xunta de Galicia un financiamento axeitado.

III

Liñas estratéxicas e instrumentais para o 2020

Os orzamentos para o 2020 reflicten unha nova estrutura orzamentaria que visibilice as políticas do goberno superando o modelo de meras contas económicas. As políticas a desenvolver están relacionadas coas seguintes liñas estratéxicas vinculadas aos obxectivos da Programación Plurianual:

Liñas prioritarias	Liñas instrumentais
1. As persoas	4. Corresponsabilidade no gasto
2. Os medios necesarios	5. Transparencia, rigor e control
3. A cooperación institucional	

Liñas prioritarias

1. *As persoas*

O alumnado é o motor da institución. As melloras xerais nas infraestruturas, nos servizos que se lles prestan e na súa atención constitúen prioridades do goberno e da institución, pero tamén a resposta rápida aos problemas da contorna. Actualmente a especulación inmobiliaria derivada do aumento do turismo, especialmente na cidade de Santiago, dificulta o acceso a alugueres a prezos que os e as estudantes e as súas familias poidan asumir. Como resposta a isto, os orzamentos contemplan un plan de choque consistente na revisión dos criterios de asignación relacionados coa renda dispoñible das 1.200 prazas de residencias universitarias que oferta a USC e que a converten nunha universidade singular dentro do Sistema Universitario Galego, así como na mellora das dotacións e servizos relacionados co aloxamento.

A especulación inmobiliaria relacionada co auxe do turismo, con especial incidencia na cidade de Santiago de Compostela, está levando a que o alumnado con dificultades económicas atope obstáculos para dispoñer de vivenda durante o curso. Para paliar este problema, e tendo en conta que os criterios polos que se adxudican as prazas de residencia actualmente combinan requisitos académicos e umbrais económicos, na próxima revisión das tarifas do Sistema Universitario de Residencias estableceranse os mecanismos necesarios para evitar que o actual encarecemento dos alugueiros de pisos impida que as persoas con menos recursos poidan acceder ao sistema universitario.

Nesta liña, estudarase a apertura á comunidade universitaria do resto de universidades españolas de prazas de residencia durante o período estival. Os ingresos xerados por esta vía serán reinvestidos no mantemento e mellora das instalacións.

Outra medida no ámbito do alumnado será a de achegar de novo os servizos aos centros docentes, reforzando a centralización das unidades de xestión de centros e departamentos para incrementar a atención directa nelas. O programa piloto iniciouse na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais onde se atopa en proceso de licitación o proxecto para unha reforma que servirá para situar o persoal nun espazo único e que poida dar atención ás necesidades administrativas do alumnado, pero tamén do resto de colectivos do centro. Deste xeito, achégase a administración ao usuario co obxectivo de mellorar a atención prestada.

En segundo lugar están as persoas que prestan os seus servizos na Universidade. Durante o ano 2020 executaranse os Plans plurianuais do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos. Ambos os plans están destinados a frear a idade media do persoal, reducir a precariedade e consolidar a promoción profesional.

Así mesmo, contéplase a execución económica de acordos no ámbito do persoal investigador e de apoio á investigación que permitan reducir a precariedade e sentar as bases dun modelo de investigación sostible que recoñeza a importancia desta misión, en expansión constante nos últimos anos e aínda pendente da súa concreción.

En xeral para a comunidade universitaria continuarase coa implantación de ferramentas informáticas de autoservizo que faciliten o acceso a trámites administrativos e de servizos e que melloren as canles de comunicación e a información que se transmite a través delas.

2. Os medios necesarios

Mellorar a situación das infraestruturas é un dos principais obxectivos para o 2020. Esta liña desenvólvese a través do Plan de Infraestruturas, de conformidade coa Programación Plurianual 2019-2022 aprobada, e cuxas liñas xerais se presentaron ao Claustro e, posteriormente, deberán aprobar o Consello de Goberno e o Consello Social.

A nivel da institución, na contención do gasto corrente terá unha especial incidencia a nova organización do servizo de limpeza e un novo modelo de contratación das subministracións enerxéticas e o mantemento. Como xa se comentou, tamén terá incidencia a redución dun 20% do gasto corrente dos diferentes órganos de goberno e dun 10% no caso dos servizos centrais.

Aliñado co anterior, introducíranse novos instrumentos de contratación para a obra RAM que reduzan os custos por unidade de obra e simplifiquen a tramitación administrativa das licitacións mediante un acordo marco para este tipo de obras.

3. A cooperación institucional

Os orzamentos para o 2020 contemplarán o reforzo da cooperación institucional, singularmente cos concellos de Santiago de Compostela e Lugo para facer efectivos e impulsar novos convenios de colaboración para mellorar a integración da universidade nas cidades e reducir o gasto no mantemento das infraestruturas.

Así mesmo, impulsaranse acordos de colaboración coa Xunta de Galicia que fagan viables economicamente as actuacións sobre a infraestrutura docente e investigadora.

A cooperación institucional estará dirixida tamén ao establecemento de convenios que permitan compartir recursos tecnolóxicos que axuden á modernización da xestión.

Liñas instrumentais

4. Corresponsabilidade no gasto.

Esta liña continúa as accións iniciadas no ano 2019 incrementando a distribución de fondos a centros e estruturas de investigación destinados a obras de reforma, ampliación e mellora, promovendo a corresponsabilidade, o cofinanciamento e a coordinación e introducindo novos criterios de reparto dos fondos descentralizados para promocionar medidas dirixidas ao aforro e á mellora da eficiencia.

Cómpre devolver a capacidade de decisión ás diferentes estruturas, democratizando así os órganos de goberno. Este obxectivo conseguírase coa descentralización e cunha nova xestión dos chamados custos indirectos vinculados á investigación afondando na corresponsabilidade co persoal e singularmente cos centros.

Así, os ingresos da institución derivados de actividades que contemplan custos indirectos descentralízanse parcialmente a aquelas estruturas que teñan unha maior porcentaxe de cobertura dos gastos indirectos que xeran, permitindo que os destinen con autonomía á mellora das súas infraestruturas e a actuacións estratéxicas que consoliden a súa posición. Este novo modelo de xestión permitirá ademais que na medida en que se mellore esa porcentaxe de cobertura, estas estruturas reciban en anos sucesivos unha porcentaxe maior dos ingresos que xeran por custos indirectos tendendo ao autofinanciamento desas estruturas, coa conseguinte repercusión na asignación ás mesmas dos créditos non afectados nos orzamentos.

Incluiranse no orzamento os ingresos condicionados contemplados no convenio de I+D coa Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidade e teranse en conta os ingresos nas unidades correspondentes á hora de facer a distribución de créditos non condicionados.

Desenvolverase inicialmente un programa piloto dirixido a aqueles centros con maior capacidade de xeración de recursos. Os centros que cumpran os requisitos fixados recibirán unha transferencia por un importe equivalente ao 15 % do importe retido en concepto de custos indirectos no centro.

Emprégase o concepto de Custo Indirecto (CI) para referirnos aos custos en recursos, humanos e materiais, que son precisos para a realización dunha actividade de investigación, pero que non se poden atribuír exclusivamente a esta. Son custos indirectos o consumo de subministracións enerxéticas, os servizos de limpeza e telefonía, a amortización dos equipos empregados e mesmo a das instalacións. Así mesmo, tamén se inclúe entre os custos indirectos o custo do persoal administrativo, directivo, e aquel que participa na actividade de xeito parcial. Non debe confundirse, polo tanto, CI coa porcentaxe de retención que a USC aplica sobre os ingresos xerados por certas actividades.

Aos efectos deste programa, e tal e como se describe en liñas superiores, terase en conta a capacidade dos centros para cubrir unicamente os CI procedentes de subministracións, limpeza, seguridade, centros auxiliares e unidades de xestión de investigación; e excluíranse os custos indirectos relativos á amortizacións de edificios ou equipos.

A USC ten operativo o Sistema de contabilidade analítica que calcula os CI nos termos fixados polo “Modelo de Contabilidade Analítica para universidades, particularización do Modelo C.A.N.O.A.”, un modelo oficial e de obrigada utilización para o conxunto de universidades públicas. Este sistema calcula os custos xerados en cada actividade e informa sobre a súa procedencia e natureza, e, consecuentemente, tamén permite coñecer os CI vinculados a cada centro. Será este o sistema que proverá os informes precisos para a posta en marcha deste programa.

5. Transparencia, rigor e control.

A nova estrutura orzamentaria responde a estas ideas e instrumentarase a través do reforzo do control do gasto aumentando a transparencia e a fiscalización. A estrutura anterior tiña como resultado a existencia de partidas orzamentarias difusas e pouco controlables que poden aumentar o déficit.

Estableceranse mecanismos para garantir un control simple e áxil dos gastos que aumente o rigor e a disciplina orzamentaria e que supoñan que as decisións ou acordos dos órganos de goberno con contido económico precisen de informes previos favorables para levalas a cabo. Así mesmo, mellorarase o control nos investimentos en mobles e inmobles de certa entidade e que deberán ir acompañados dunha memoria económica que avale a súa pertinencia e viabilidade.

IV

Vinculación cos eixes estratéxicos da Programación Plurianual 2019-2022

As liñas aprobadas para o 2020 tradúcense nuns orzamentos elaborados con rigor e responsabilidade vinculados a unha base estratéxica de carácter plurianual recollida na Programación para o período 2019-2022.

Esta visión a medio prazo serve para avaliar o grao de consecución das diferentes políticas e orientar os esforzos a aquelas actuacións que aseguren mellora das funcións propias da universidade, dos recursos dos que dispón e da sustentabilidade económico-financeira da Universidade.

A continuación amósase a relación das liñas descritas no apartado III cos eixes da Programación Plurianual 2019-2022:

Eixes da Programación Plurianual	Liñas estratéxicas	Liña instrumental
1. Centrar a atención no estudantado 2. Comprometerse co persoal	1. As persoas	
3. Poñerse ao servizo da sociedade	3. A cooperación institucional	4. Corresponsabilidade no gasto
4. Situar o coñecemento da USC na vangarda 5. Proxectar a USC polo mundo 6. Xestionar os recursos de forma intelixente	2. Os medios necesarios	5. Transparencia, rigor e control

V

Principais novidades para o exercicio 2020

En relación cos **ingresos**:

- Nos capítulos IV e VII consígnase un incremento derivado do financiamento do Plan Galego de Financiamento Universitario, cuxa previsión é que aumente preto duns 2,68 millóns de euros con respecto ao ano anterior. Este aumento responde case na súa totalidade á evolución dos fondos de acordo cos incrementos previstos para a masa salarial, polo que non supón un incremento real de financiamento. Non se consideran neste incremento os recursos para I+D+i de carácter competitivo.
- Prevese un incremento de 0,31 millóns de euros nos ingresos por servizos prestados de I+D+i, reflectidos no capítulo III. Así mesmo recóllese un pequeno incremento da partida de prezos públicos, tendo en conta a estabilización do número de alumnos e incluso un lixeiro aumento do número de créditos matriculados.
- Prevese un incremento no conxunto dos fondos públicos competitivos captados no ámbito de I+D+i, reflectidos en distintas partidas dos capítulos VII e IX de aproximadamente 3,29 millóns de euros con respecto ás previsións iniciais de 2019. Esta estimación fundaméntase por un lado no aumento do fondo de investigación do PGFU e na tendencia seguida na captación de fondos estatais e europeos nos últimos exercicios. No capítulo VII, dentro das cifras indicadas, sitúanse os convenios xa asinados coa Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional, para o desenvolvemento de accións estratéxicas (total para 2020 1,67 millóns de euros) e para o mantemento dos servizos xerais, incluído o Hospital Rof-Codina (total para 2020 0,72 millóns de euros)
- No capítulo VI, alleamento de investimentos reais, contéplase un ingreso pola venda dunha parcela no Campus Norte. Aínda que a taxación supera os 3 millóns de euros, estimouse un ingreso un pouco inferior en 2020. Procederase ao alleamento da devandita parcela unha vez que se poñan en funcionamento servizos alternativos de acceso, mobilidade e aparcadoiro equivalentes, como mínimo, a aqueles dos que fai uso na actualidade a comunidade universitaria do Campus Norte.
- Existe unha previsión de ingresos no capítulo VII relacionada coa convocatoria de axudas para a mellora da eficiencia enerxética do INEGA, orzamentada en 2,42

millóns. Esta convocatoria esixe o cofinanciamento con fondos da propia USC dun 20% do total, como se explicará no apartado de gastos.

- Prevese a posta en marcha do micromecenado coa orzamentación duns ingresos de 0,30 millóns dentro do capítulo IV.
- No capítulo V, ingresos derivados da explotación patrimonial, existe por un lado a práctica desaparición dos ingresos de xuros bancarios, mais por outro prevese un incremento derivado da actualización das tarifas por cesión de espazos; tamén se fundamenta o incremento por este concepto (0,12 millóns) no comportamento destes ingresos en 2019.

Por último, cómpre aclarar que hai un aumento aparente de determinados ingresos, que en realidade responde a unha mecánica de orzamentación máis correcta. Singularízanse partidas no orzamento inicial para as actividades que en exercicios anteriores non se contemplaban ao inicio do exercicio ou se facía por contías inferiores aos ingresos finais, e se creaban as partidas de gastos correlativas mediante xeracións de crédito. Aínda que as actividades e partidas singulares non se poden establecer de antemán, ata a súa aprobación, os ingresos veñen seguindo unha dinámica nos últimos exercicios que permite unha estimación realista. Un exemplo paradigmático son os ingresos que se producirán pola actividade da Universidade de verán.

Novidades máis importantes nos ingresos	Contía
Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020	2.680.000
Venda parcela no Campus Norte	2.850.000
Ingresos procedentes da investigación	3.290.000
Recursos para a mellora da eficiencia enerxética (INEGA)	2.424.000
Posta en marcha do micromecenado	300.000
Ingresos derivados da explotación patrimonial	120.000

En relación cos **gastos**, as cuestións máis salientables son:

- O capítulo I, Gastos de persoal, reflicte un incremento con respecto ao ano anterior de 6,29 millóns de euros (un 4,21%) que se debe en boa parte á subida retributiva prevista do 2,2%, que supoñen arredor de 3,2 millóns de euros. O resto do incremento responde á incorporación neste capítulo do persoal declarado indefinido por sentenza xudicial (aproximadamente 1,2 millóns con Seguridade Social incluída), aos incrementos como consecuencia da obtención de novos complementos por antigüidade e outros conceptos ou crecemento vexetativo e ás políticas previstas en materia de persoal (0,7 millóns no ámbito do PDI e outros 0,7 millóns para o PAS consignados nas partidas 8075.3000.12204 e 8075.3000.12251 respectivamente) co obxectivo prioritario de renovar, consolidar e promocionar o cadro de persoal.

A inclusión definitiva na Relación de Postos de Traballo dos postos ocupados por persoal declarado indefinido por sentenza xudicial farase despois de analizar o carácter estrutural dos servizos que prestan.

Para o PDI as actuacións correspondentes ao Plan plurianual de profesorado (2019-2022) aprobado polo Consello de Goberno e que terán incidencia no exercicio 2020 concretáronse na planificación do curso 2019-2020, negociada cos órganos de representación do PDI e aprobada á súa vez polo Consello de Goberno na sesión do 26 de abril de 2019.

En relación co Persoal de Administración e Servizos, está pendente aínda de aprobar polo Consello de Goberno o Plan de PAS 2019-2022 medidas, que actualmente están sendo negociadas:

- Renovación do persoal a través da execución de ofertas de emprego público pendentes
 - Promoción do persoal a través de procesos de promoción interna vertical
 - Revisión da Relación de Postos de Traballo (RPT)
 - Unificación do réxime xurídico do persoal
 - Desenvolvemento dun novo modelo de carreira profesional
- Para explicar a variación neta do capítulo II, Gastos correntes, indicamos as causas principais que as motivan:
 - i. Redúcense en xeral un 10% os gastos correntes, tanto nas partidas que se xestionan nos centros como nas de servizos centrais (agás os contratos vixentes non minorables), o que equivale a 300 mil euros.

- ii. Tamén se prevé un aforro nas partidas centralizadas de limpeza e de mantementos derivado do cambio do modelo de xestión [8075 3000 22701 e 8075 3000 22100]. No primeiro caso a través do recurso a un medio propio para a prestación do servizo o que xerará un aforro fiscal ao non ser aplicable o IVE e tamén un aforro derivado do beneficio empresarial que contemplan os contratos administrativos. No segundo caso licitarase un contrato integral que integre todos os pequenos contratos de climatización, fontanería, saneamento e electricidade así como os de gas e gasóleo. Permitirá xerar un aforro no gasto corrente actuando sobre as infraestruturas para reducir os consumos. O aforro previsto por estas dúas medidas cífrase nuns 450.000 euros no exercicio 2020.
- iii. Pola contra contéplase un incremento xa mencionado (total aproximado 565 mil) pola dotación no orzamento inicial de partidas para a Universidade de Verán, os créditos descentralizados por xestión de espazos, os créditos específicos por mecenado e os créditos específicos por actividades formativas e divulgativas de curta duración. [8075 1900 22900 – 8075 3501 22000 - 8075 3400 22900 e 8075 1800 22800]
- iv. Prevese un incremento no crédito inicial dalgunhas unidades, que ata o de agora se ía suplementando con ingresos recibidos ao longo do exercicio por 80 mil (CLM, Servizo de Publicacións, SERVIMAV, etc). Isto obedece a unha mellor previsión dos ingresos iniciais.
- Os orzamentos do 2020 apostarán polos institutos de investigación. O proceso de reformulación dos institutos de investigación da USC comezado en 2016 e rematado no 2019 implicou a desaparición de varios institutos, a reformulación de outros e a renovación das liñas de investigación, gobernanza e comités científicos externos.

Este proceso culmina cunha estratexia de apoio aos Institutos de Investigación recollida na Programación Plurianual da USC (2019-2022) aprobada polo Consello de Goberno e o Consello Social. As accións encamiñadas ao fortalecemento dos institutos recóllense en cinco liñas,

- Fortalecemento estrutural
- Desenvolvemento da Axenda Científica e obxectivos colaborativos
- Impulso á Internacionalización
- Apoio á xestión e captación de Talento
- Apoio ás iniciativas de visibilización dos Institutos

Xorde, polo tanto, a necesidade de propor un programa piloto de accións encamiñadas ao fortalecemento dos institutos no 2020 en liña coas accións indicadas e que estará dotada con 230.000 euros. [8050 7000 64100]

- Tamén se realizarán actuacións singulares encamiñadas á mellora docente, de infraestruturas e equipamento nos graos de Robótica, Medicina e Empresa e Tecnoloxía co obxectivo de mellorar a súa difusión, a formación do profesorado que o imparte, as prácticas de laboratorio e a adecuación dos espazos nos centros que acollen eses graos. Esta acción estará financiada pola Xunta de Galicia cun importe de 237.000 euros. [8050 7000 64100]
 - O capítulo IV experimenta un incremento debido principalmente ás seguintes cuestións:
 - Dúas partidas para convocar axudas comprometidas nos legados de Nicolás Peña e César García Oro, que suman un total aproximado de 150 mil euros [8048 4829 48400 e 5504 4801 48200 respectivamente]
 - Incremento aproximado de 150 mil euros para todas as estruturas que quedarán integradas no Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario Galego (CISUG), que estiveron incorrectamente estimadas en 2019 e anteriores: CIUG, Bugalicia e CIXUG [8051 3000 48300]
 - O capítulo V prevé un crédito para o Fondo de continxencia de 500 mil euros (1 millón menos que en 2019)
 - No capítulo VI as principais variacións responden a:
 - Crédito de 3,03 millóns para as actuacións de eficiencia enerxética financiadas polo INEGA nun 80% (polo tanto, con recursos propios, 606 mil euros) [8075 300B 62000]
 - O crédito para o funcionamento dos departamentos incrementase en 100 mil euros con respecto ao exercicio anterior [8075 3500 64000].
 - Prevese un crédito de 100 mil euros para centros singulares e institutos de investigación, ligado ao mantemento ou mellora da marxe de cobertura dos seus custos, de acordo cos criterios da contabilidade analítica [8075 3501 64000]
 - Incremento de 50 mil euros no crédito de funcionamento dos servizos da RIAIDT [7032.2200.64000]
 - Redución de 350 mil na partida de actuacións en materia de persoal de I+D, coherente co incremento no capítulo I para os custos daquel persoal indefinido por sentenza xudicial. [8075.2000.64000]
-

- Incremento de 1 millón de euros nas actuacións de reparacións, ampliación e mellora dos edificios e instalacións, que se desagregan en:
 - Incremento na partida descentralizada para actuacións de RAM en 200 mil euros. [8075.301A.62000]
 - Creación dunha partida denominada Plan de Infraestruturas, cun crédito de 700 mil euros, para atender as necesidades das grandes actuacións en edificios puntuais, que non se poden resolver con simples actuacións de “reparación e mellora”. [8075.300C.62000]
 - Creación dunha partida específica, cunha dotación de 100 mil euros, para actuacións de RAM en residencias e colexios maiores [8075.9100.62000]
 - Minoración na partida de obra RAM centralizada en 606,23 mil. [[8075.300A.62000]
 - A contribución con fondos propios (606,23 mil) para as actuacións xa mencionadas de eficiencia enerxética, financiadas polo INEGA nun 80%.
 - Incremento de 300 mil euros nas partidas de fondos de I+D, en función do gasto de 2019 e as previsións de captación de fondos externos para 2020

Novidades máis importantes nos gastos	Contía
Plan para o PDI	720.000
Plan para o PAS	700.000
Plan para o persoal contratado con cargo a actividades de I+D	350.000
Fondo para imprevistos	500.000
Dotación de crédito aos departamentos	250.000
Apoio aos institutos de investigación	230.000
Recursos para a mellora docente (actuacións singulares)	237.000
Dotación de crédito aos centros para obra RAM	1.000.000
Plan de Infraestruturas	700.000
Obra RAM en residencias e colexios maiores	100.000
Obras de mellora da eficiencia enerxética (INEGA)	606.000

VI

Estrutura dos orzamentos

De acordo co previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, así como na Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia, é preciso que as universidades públicas apliquen a regra de gasto para determinar o límite do gasto computable en cada exercicio orzamentario.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) considera gasto computable os “empregos non financeiros” definidos en termos do Sistema Europeo de Contas (SEC), excluídos os intereses da débeda e a parte do gasto financiado con fondos finalistas con orixe noutras administracións públicas.

O cálculo dos importes realízase a partir do exercicio 2018 e coas previsións de liquidación do exercicio 2019 nos seguintes termos:

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO E AXUSTES SEC

CONCEPTO	IMPORTES
a) Obrigas recoñecidas netas exercicio anterior (capítulos I a VII)	245.145.445,23
b) Obrigas recoñecidas netas exercicio anterior (capítulo III)	312.394,98
1. Obrigas netas, capítulos I a VII, excluídos os gastos financeiros	244.833.050,25
c) Desviación de financiamento positiva	18.042.459,99
d) Desviación de financiamento negativa	19.568.076,04
e) Outros axustes	0,00
2. Axustes SEC	1.525.616,05
3. Total empregos non financeiros en termos SEC, agás intereses da débeda (1+2)	246.358.666,30
f) Gastos financiados con fondos finalistas	74.253.669,63
g) Remanente de tesouraría afectado incorporado	39.473.884,40
4. TOTAL GASTO COMPUTABLE LIQUIDACIÓN 2018	132.631.112,28

NOTAS

- a) Estimación incrementando o 1% sobre a cifra global de 2019
- b) Estimación de acordo coas previsións en 2019
- c) d) Estimación; promedio das desviacións positivas e negativas dos tres últimos exercicios
- f) g) Estimación; promedio dos tres últimos exercicios

REGRA DE GASTO COMPUTABLE NO EJERCICIO

CONCEPTO	IMPORTE
4. Total gasto computable, previsión liquidación 2019	132.631.112,28
Axustes	
5. Taxa de variación do gasto computable (2020 2,8%)	3.713.671,14
6. Incrementos da recadación incondicionada	5.663.950,00
7. Diminución da recadación incondicionada	1.079.000,00
8. Axuste por grao de execución tres últimos ejercicios (1%)	1.409.297,33
9. LÍMITE REGRA DE GASTO COMPUTABLE EN 2019 (4+5+6+7+8)	144.497.030,75

Notas

- 5 Obxectivos de estabilidade orzamentaria, Regra de gasto e Límite de gasto (Ministerio de Facenda: <http://www.hacienda.gob.es/es-ES/CDI/Paginas/EstabilidadPresupuestaria/InformacionAAPPs/Objetivos-de-Estabilidad-y-L%C3%ADmite-de-Gasto-no-Financiero-del-Estado.aspx>)
- 6 Incrementos totais estimados para orzamento 2020 (principalmente incremento previsto PGFU)
- 7 Diminucións totais estimadas en 2020 con respecto a 2019 (alleamento parcela de Galeras)

CÁLCULO DO LÍMITE DA REGRA DE GASTO TOTAL NO EJERCICIO 2020

CONCEPTO	IMPORTE
9. Límite regla de gasto computable	144.497.030,75
10. Previsión de gasto financiado con fondos finalistas	72.751.920,00
11. Remanente de tesouraría afectado incorporado	39.473.884,40
12. Operacións financeiras (previsión)	5.847.000,00
13. LÍMITE REGRA DE GASTO TOTAL (9+10+11+12)	262.569.835,15

Notas

- 10 Estimación; promedio dos tres últimos ejercicios
- 11 Estimación; promedio dos tres últimos ejercicios
- 12 Previsión equivalente ao ejercicio 2019

Tendo en conta que os orzamentos presentados non superan o límite de gasto, o documento presenta a continuación un resumo inicial cos cadros de ingresos e gastos a nivel de capítulo e artigo, distinguindo entre créditos afectados e non afectados.

A continuación desenvólvese as normas de execución, e por último inclúense os anexos co resto de información esencial.

En relación cos investimentos previstos, o orzamento para o ano 2020 non inclúe un plan xeral de investimentos xa que esta información forma parte do Plan de Infraestruturas, cuxas liñas se presentaron ao Claustro de conformidade coa Programación Plurianual 2019-2022 e que deberá ser aprobado polo Consello de Goberno e o Consello Social.

O orzamento de gastos contempla varias partidas de gasto relacionadas con este plan, unha a nivel centralizado e outra para os investimentos dirixidos á mellora da eficiencia enerxética que será subvencionada polo INEGA. Ademais, increméntase o orzamento descentralizado para obra RAM dirixida aos centros docentes e incorpórase unha partida específica para obras en residencias universitarias.

O reparto do orzamento descentralizado aos centros docentes non figura detallado por non dispoñer da información validada necesaria para o cálculo. Non obstante, para garantir o correcto funcionamento destas unidades mentres non se realice o cálculo, distribuirase inicialmente crédito por un importe equivalente ao 50% do ano 2019. En relación cos departamentos, o anexo D detalla a distribución correspondente a cada un deles.

Xunto a este documento, achégase a relación de tarifas vixentes na Universidade de Santiago de Compostela.

En consecuencia, durante o segundo trimestre de 2020 aprobaranse as tarifas con vixencia no curso académico 2020-2021. Non obstante, logo da aprobación dos presentes orzamentos, as tarifas de curso académico xa aprobadas anteriormente e en vigor publicaranse no bloque correspondente.

Polo que respecta ao persoal, nos anexos H, G e I inclúense os cadros de persoal docente e investigador e de administración e servizos, así como as Relacións de Postos de Traballo para o PAS e para o PDI, neste último caso, dando cumprimento ao mandato do Claustro despois da aprobación dos órganos competentes.

Polo que respecta ao persoal, nos anexos H, G e I inclúense os cadros de persoal docente e investigador e de administración e servizos, así como as Relacións de Postos de Traballo para o PAS e para o PDI, neste último caso, dando cumprimento ao mandato do Claustro despois da aprobación dos órganos competentes.

II. ORZAMENTO DA USC PARA 2020

Nas táboas seguintes preséntanse os estados numéricos dos orzamentos 2020 con distintos niveis de agregación de acordo coa clasificación económica. As táboas, co nivel de desagregación máximo, aparecen nos anexos B e C.

1.- Orzamento por capítulo

INGRESOS

CAPÍTULO		INGRESOS NON AFECTADOS	INGRESOS AFECTADOS	INGRESOS TOTAIS
III	PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	24.800.000	10.965.000	35.765.000
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	125.578.843	16.973.931	142.552.774
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	596.200	0	596.200
VI	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	2.850.000	0	2.850.000
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	24.988.145	41.982.370	66.970.515
IX	PASIVOS FINANCEIROS	995.400	4.534.600	5.530.000
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		179.808.588	74.455.901	254.264.489

GASTOS

CAPÍTULO		GASTOS NON AFECTADOS	GASTOS AFECTADOS	GASTOS TOTAIS
I	GASTOS DE PERSOAL	142.011.280	15.524.170	157.535.450
II	GASTOS CORRENTES	24.235.838	3.052.000	27.287.838
III	GASTOS FINANCEIROS	565.000	0	565.000
IV	TRANSFERENCIAS CORENTES	1.937.690	149.806	2.087.496
V	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	500.000	0	500.000
VI	INVESTIMENTOS REAIS	6.618.780	55.729.925	62.348.705
IX	PASIVOS FINANCEIROS	3.940.000	0	3.940.000
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		179.808.588	74.455.901	254.264.489

2.- Orzamento por artigo

INGRESOS

Artigo	Denominación	INGRESOS NON AFECTADOS	INGRESOS AFECTADOS	INGRESOS TOTALS
31	Prezos públicos	19.347.500	1.572.500	20.920.000
32	Outros ingresos procedentes de prestación de servizos	4.757.500	9.392.500	14.150.000
33	Venda de bens	195.000	0	195.000
38	Reintegros de operacións correntes	250.000	0	250.000
39	Ingresos diversos	250.000	0	250.000
45	Ingresos de comunidades autónomas	124.993.843	15.263.931	140.257.774
47	Ingresos de empresas privadas	360.000	1.440.000	1.800.000
48	Ingresos de familias e institucións sen fins de lucro	225.000	270.000	495.000
52	Xuros de depósitos	1.200	0	1.200
54	Rendas de bens inmoebles	425.000	0	425.000
55	Produtos de concesións e aproveitamentos especiais	170.000	0	170.000
61	Venda de investimentos reais	2.850.000	0	2.850.000
70	Transferencias de capital. Ministerios	290.000	2.610.000	2.900.000
73	Transferencias de axencias estatais e outros organismos públicos	2.376.300	10.871.700	13.248.000
75	Transferencias de capital de comunidades autónomas	20.147.090	21.422.425	41.569.515
76	Transferencias de capital de corporacións locais	54.755	270.245	325.000
78	Transferencias de capital. Familias e inst. sen fins de lucro	288.000	1.312.000	1.600.000
79	Transferencias de capital do exterior	1.832.000	5.496.000	7.328.000
91	Pasivos financeiros recibidos do sector público	995.400	4.534.600	5.530.000
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		179.808.588	74.455.901	254.264.489

GASTOS

Artigo	Denominación partida	CRÉDITO NON AFECTADO	CRÉDITO AFECTADO	CRÉDITO TOTAL
11	Persoal eventual	130.240	0	130.240
12	Persoal funcionario	80.958.830	13.723.340	94.682.170
13	Persoal laboral	40.028.500	1.545.580	41.574.080
15	Incentivos ao rendemento	15.000	0	15.000
16	Cotas, prestacións e gastos sociais	20.878.710	255.250	21.133.960
20	Alugueres e cánons	503.000	0	503.000
21	Reparacións, mantemento e conservación	2.312.838	0	2.312.838
22	Material, subministracións e outros	21.135.000	3.052.000	24.187.000
23	Indemnizacións por razóns do servizo	285.000	0	285.000
31	Xuros de préstamos	315.000	0	315.000
35	Xuros de demora e outros gastos financeiros	250.000	0	250.000
48	Transferencias correntes a familias e inst. sen fins de lucro	1.937.690	149.806	2.087.496
50	Fondo de continxencia	500.000	0	500.000
62	Investimento novo asociado ao funcionamento servizos	5.379.280	2.424.925	7.804.205
64	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	1.239.500	53.305.000	54.544.500
91	Amortización de préstamos	3.940.000	0	3.940.000
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		179.808.588	74.455.901	254.264.489

3.- Evolución do orzamento de ingresos

CAPÍTULO		2018			2019			2020		
		NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAIS	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAIS	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAIS
III	PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	24.844.777	10.123.093	34.967.870	24.713.450	10.376.550	35.090.000	24.800.000	10.965.000	35.765.000
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	118.076.426	16.586.975	134.663.401	122.340.900	16.802.240	139.143.140	125.578.843	16.973.931	142.552.774
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	383.357	0	383.357	487.000	0	487.000	596.200	0	596.200
VI	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0	0	0	1.079.340	0	1.079.340	2.850.000	0	2.850.000
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	20.201.734	36.448.225	56.649.959	23.575.070	39.451.130	63.026.200	24.988.145	41.982.370	66.970.515
IX	PASIVOS FINANCIEROS	590.000	5.310.000	5.900.000	575.000	5.272.000	5.847.000	995.400	4.534.600	5.530.000
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	164.096.294	68.468.293	232.564.587	172.770.760	71.901.920	244.672.680	179.808.588	74.455.901	254.264.489

4.- Evolución do orzamento de gastos

CAPÍTULO		2018			2019			2020		
		NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAIS	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAIS	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAIS
I	GASTOS DE PERSOAL	129.666.889	15.146.976	144.813.865	136.164.750	15.081.950	151.246.700	142.011.280	15.524.170	157.535.450
II	GASTOS CORRENTES	23.747.719	2.011.892	25.759.611	24.751.315	1.990.750	26.742.065	24.235.838	3.052.000	27.287.838
III	GASTOS FINANCEIROS	400.000	0	400.000	490.470	0	490.470	565.000	0	565.000
IV	TRANSFERENCIAS CORENTES	1.581.580	152.000	1.733.580	1.581.580	152.000	1.733.580	1.937.690	149.806	2.087.496
V	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	50.000	0	50.000	1.500.000	0	1.500.000	500.000	0	500.000
VI	INVESTIMENTOS REAIS	4.054.000	51.157.425	55.211.425	5.445.000	54.677.220	60.122.220	6.618.780	55.729.925	62.348.705
IX	PASIVOS FINANCEIROS	4.596.106	0	4.596.106	2.837.645	0	2.837.645	3.940.000	0	3.940.000
	TOTAL ORZAMENTOS DE GASTOS	164.096.294	68.468.293	232.564.587	172.770.760	71.901.920	244.672.680	179.808.588	74.455.901	254.264.489

III. BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

O orzamento da Universidade de Santiago de Compostela constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que como máximo pode recoñecer e dos dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario.

A xestión do orzamento da Universidade para o exercicio 2020 realizarase de acordo co previsto nestas bases de execución e segundo o disposto no Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, así como polas seguintes normas:

- Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.
- Real decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.
- Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Real decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro
- Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Artigo 1. *Vinculación dos créditos*

Un. Os créditos con financiamento afectado terán carácter vinculante a nivel de partida.

Dous. A vinculación dos créditos non afectados establécese cos seguintes niveis:

a) Vinculación orgánica. Os créditos que figuran no orzamento asignados a centros ou unidades orgánicas teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de código orgánico.

b) Vinculación funcional. Adicionalmente á vinculación orgánica os créditos que figuran no orzamento asignados a centros ou unidades orgánicas teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de código funcional.

c) Vinculación económica. Adicionalmente ás vinculacións orgánica e funcional terán carácter limitativo e vinculante a nivel de capítulo:

- Os créditos destinados a gastos de persoal, agás o artigo 15 (incentivos ao rendemento e gratificacións), que mantén a súa vinculación a nivel de artigo.
- Os gastos en bens correntes e servizos.
- Os gastos financeiros.

Tres. Terán carácter vinculante e limitativo a nivel de artigo os investimentos reais e os activos e pasivos financeiros.

Catro. Terán carácter vinculante e limitativo a nivel de concepto as transferencias correntes e as transferencias de capital, coa excepción das subvencións nominativas, que terán carácter vinculante a nivel de partida.

Artigo 2. Límites para a execución dos orzamentos

Un. De conformidade co artigo 57 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro non se poderán adquirir compromisos de gasto por contía superior ao importe do crédito autorizado no estado de gastos, e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan esta norma, sen prexuízo da responsabilidade a que dea lugar.

Dous. A vixencia temporal das partidas orzamentarias é o exercicio económico que se corresponde co ano natural, coas seguintes excepcións:

- As partidas orzamentarias de actividades con financiamento específico que manterán a súa vixencia ata a data de fin da actividade.
- Aquelas actividades cuxa duración exceda o exercicio orzamentario, para o cal deberá periodificarse o crédito en función da previsión da execución do gasto nos exercicios orzamentarios nos que a actividade estea vixente.

Non poderán adquirirse compromisos de gasto que excedan a vixencia da actividade financiada.

Artigo 3. Modificacións de crédito

Un. As modificacións de crédito esixirán unha proposta motivada da variación que se efectúe e deberá valorarse a incidencia que poida ter, de ser o caso, na consecución dos obxectivos fixados no momento da aprobación do orzamento.

Dous. Terán a consideración de distribucións de crédito, autorizadas polo reitor, as transferencias que se realizan desde as partidas que teñen a consideración de fondos ás partidas específicas afectadas ao cumprimento da actividade que orixina o financiamento. En particular, consideraranse distribucións de crédito as modificacións que se realicen para dotar crédito ás seguintes actividades:

- Teses de doutoramento
- Concursos para a provisión de prazas
- Prácticas de campo
- Programas de calidade
- Cursos posgrao.
- Proxectos, contratos, reunións científicas, convenios de investigación e infraestruturas de investigación.

Tres. A autorización das modificacións de crédito axustarase ao disposto no artigo 174 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, de conformidade coas regras establecidas nos seguintes apartados.

Catro. Correspóndelle ao Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, a aprobación de:

- Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
- As ampliacións de crédito.
- As transferencias de crédito de operacións correntes a operacións de capital, e de operacións de capital a correntes.

Non obstante, habilitase ao reitor para que de xeito extraordinario poida autorizar as transferencias de crédito seguintes:

- Modificacións orzamentarias necesarias para as operacións que se deban producir con motivo do peche do exercicio orzamentario.
- Transferencias ao capítulo I para cofinanciar custos de seguridade social como consecuencia de prestación de servizos, ou para o financiamento de custos de persoal con crédito afectado.
- As transferencias de crédito entre operacións correntes e de capital por causas derivadas do cumprimento de normas de carácter xeral.

Darase conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social das operacións realizadas en virtude da delegación anterior.

Cinco. Correspóndelle ao reitor a aprobación das xeracións de crédito e a incorporación de remanentes.

Seis. Poderán xerar crédito nos estados de gastos do orzamento da Universidade os ingresos liquidados que superen a previsión de ingresos orzada, derivados das seguintes operacións:

- Prestacións de servizos.
- Achegas de persoas naturais ou xurídicas para financiar gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da universidade.
- As actividades financiadas con recursos externos, que dispoñan de créditos procedentes das partidas de fondos 8050.7000.64100 "Fondos de investigación. Subvencións", 8050.7000.64200 "Fondos de investigación. Contratos e servizos prestados" e a partida 5505.1100.22800 "Fondo cursos posgrao propio".

Artigo 4. Gastos de persoal

Un. As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispoña a normativa da Comunidade Autónoma Galega para o exercicio 2020.

Dous. Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos financiados con prezos públicos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas sociais, non poderán superar os ingresos. Así mesmo, poderán xerar crédito no capítulo I os ingresos derivados do financiamento por terceiros de custos da estrutura de persoal.

Tres. Terán a consideración de crédito ampliable os créditos para o pagamento dos conceptos de produtividade investigadora, complementos retributivos autonómicos, complementos asistenciais SERGAS e complemento asistencial Rof-Codina por estar financiados na súa integridade coas achegas específicas do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020. .

Catro. A Xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do orzamento e emitirá as modificacións de crédito que correspondan.

Artigo 5. Créditos de centros, departamentos, institutos e centros singulares

Un. Os créditos asignados terán por finalidade financiar os gastos necesarios para o seu funcionamento ordinario.

Artigo 6. Compromisos plurianuais

Un. En aplicación do establecido no artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, aínda que a súa execución deba iniciarse no exercicio seguinte, nos tipos de gastos e coas limitacións indicadas neste artigo.

Dous. Os gastos plurianuais que se inicien ou que teñan vixencia no exercicio 2020 e en anos posteriores esixen a contabilización da anualidade en cadanseu exercicio e a necesidade da actualización cando se produza algunha modificación respecto dos datos iniciais.

Tres. De conformidade co establecido no artigo 117.2 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de contratos do Sector Público poderá tramitarse un expediente anticipado de gasto, cuxa execución se iniciará no exercicio seguinte, respectando os límites indicados no artigo 58.3 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Catro. Os gastos plurianuais e os expedientes anticipados de gasto só poderán executarse en partidas soporte de actividades con financiamento afectado e con dotacións orzamentarias aprobadas para exercicios futuros e en partidas orzamentarias con crédito inicial aprobado no exercicio económico 2020.

Cinco. En consonancia co anterior, no exercicio corrente faranse as autorizacións de crédito e os sucesivos axustes dos gastos derivados da contratación administrativa ou de persoal con cargo a créditos financiados con achegas específicas, conforme sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.

Seis. No exercicio 2020 actualizaranse as autorizacións de crédito polo importe dos contratos en vigor de servizos, subministracións ou obras. O importe a consignar será o acordado para o exercicio, no caso de ser un contrato de contía fixa, e o importe estimado de consumo, no caso de contratos de contía variable. Para a revisión de prezos dos contratos deberá enviarse ao Servizo de Xestión Económica a autorización de crédito efectuada segundo o dito anteriormente.

Sete. A dotación de anualidades ou novas partidas orzamentarias para actividades de

investigación realizarase mediante distribucións de crédito desde as partidas xenéricas 8050.7000.64100 “Fondos de investigación. Subvencións” e 8050.7000.64200 “Fondos de investigación. Contratos e servizos prestados”. O importe dotado corresponderase coa anualidade indicada na resolución da correspondente subvención e, no caso de prestación de servizos, co importe da facturación prevista para 2020.

Oito. As dotacións específicas para os cursos de posgrao xestionados polo Centro de Estudos Propios (CEP) faranse de xeito análogo ao establecido no parágrafo anterior mediante distribucións de crédito desde a partida 5505.1100.22800 ás partidas correspondentes de cada curso.

Artigo 7. Imputación de gastos

Un. Con cargo aos créditos asignados no orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestacións de servizos e demais gastos en xeral que se realicen no ano natural 2020.

Dous. O xerente, por delegación do reitor, poderá determinar por proposta do director ou directora do centro de gasto correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores como consecuencia de compromisos adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.

Tres. Imputaranse ao exercicio corrente sen o trámite establecido no parágrafo anterior a facturación por cargos internos, os documentos de gasto pagados con cargo á conta de anticipos a xustificar correspondentes a exercicios anteriores e as indemnizacións por razón do servizo pendentes ao peche dese exercicio, por non existir obriga con terceiros e estar só pendente de contabilización ou tratarse de gastos de persoal.

Artigo 8. Remanentes de crédito

Un. De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os créditos destinados a atender gastos que no último día do exercicio orzamentario non estean comprometidos para o cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito.

Dous. Poderán incorporarse ao exercicio corrente os créditos non obrigados ao fin do exercicio anterior e que se correspondan coas seguintes situacións:

- a) Titulacións de posgrao propias: poderán ser incorporados os créditos sempre e cando a vixencia do curso abranga a máis dun exercicio. O crédito será anulado en todo caso no fin do exercicio económico do ano no que remata o curso.
- b) Titulacións de posgrao oficiais con financiamento externo doutras entidades públicas ou privadas: igual que no caso anterior poderase incorporar o crédito aos exercicios económicos seguintes en función da duración prevista da edición financiada da titulación. O crédito será anulado en todo caso no fin do exercicio económico do ano no que remata o curso.
- c) As actividades de investigación financiadas ao través de convocatorias competitivas: os remanentes existentes durante a vixencia establecida na concesión serán incorporados. No ano de finalización da actividade no que se presente o informe final, o crédito existente ao fin dese exercicio económico deixará de ter a consideración de remanente incorporable. De ser necesario atender a posibles reintegros e reclamacións, o crédito quedará a disposición da Xerencia.

Tres. Poderán incorporar remanente en función do resultado do exercicio económico 2019:

- As actividades que se financian mediante a facturación ou auto liquidación como prestacións clínicas ou prestacións de servizos
- Os programas de investigación ou actividades similares co fin de garantir os compromisos plurianuais adquiridos.

Catro. Non procederá a incorporación de remanentes nas seguintes actividades:

- As que se financian mediante facturación por cesión de espazos e similares
- Cursos de verán, congresos e reunións científicas finalizadas en 2019

Cinco. A incorporación dos remanentes de crédito deberá ser autorizada polo reitor, e dará conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social dos expedientes aprobados.

Seis. O financiamento de créditos no estado de gastos con cargo ao remanente xenérico de tesourería será aprobado polo reitor, que dará conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

Sete Os remanentes incorporados segundo o previsto neste artigo unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio no que se acorde esta incorporación.

Artigo 9. O fondo de continxencia e outros imprevistos

Un. O crédito habilitado no capítulo V de gasto deberá servir para atender seguintes

finalidades:

- Necesidades sobrevidas e inaprazables que comprometan o normal desenvolvemento das funcións da USC, sempre que non exista un crédito específico para atendelas.
- Posibles diminucións de financiamento para gastos producidos por diferenzas na aceptación de xustificacións de subvencións
- Custos financeiros derivados de reintegros de cantidades percibidas ou a devolver
- Fallidos nos procesos de cobro de servizos
- Custes derivados da execución de sentenzas xudiciais
- Circunstancias temporais de insuficiencia de recursos en programas de I+D+i.

Dous. Correspóndelle á Xerencia a xestión deste fondo, quen dará conta da aplicación da súa dotación ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

Tres. O remanente de crédito ao final do exercicio non poderá ser obxecto de incorporación ao seguinte exercicio.

Artigo 10. *Contratación administrativa*

Un. A contratación administrativa na Universidade de Santiago de Compostela realizarase consonte o disposto nas instrucións da Xerencia vixentes de conformidade coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

Artigo 11. *Responsables dos contratos*

Un. Terán a condición de responsables dos contratos os e as directores e directoras dos centros de gasto, ou as persoas responsables das unidades técnicas ou administrativas que propoñan a súa licitación.

Dous. Corresponderán ás persoas responsables dos contratos as seguintes funcións en relación cos expedientes de contratación que promovan:

- a) Xustificar a necesidade de celebración do contrato, mediante o oportuno informe, e tramitar a correspondente proposta de gasto que deberá estar asinada pola persoa responsable dos asuntos económicos do centro xestor correspondente.
 - b) Confeccionar o anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). No caso de que o contrato teña algún tipo de financiamento alleo á USC, deberá indicarse neste anexo, así como as datas límite de xustificación e os requisitos de publicidade ou de calquera outro tipo que sexan requiridos polo ente financiador.
-

- c) Elaborar o prego de prescricións técnicas.
- d) Nos contratos que se liciten por procedemento con negociación, solicitar formalmente as oportunas ofertas aos licitadores e desenvolver o proceso de negociación de acordo cos criterios que figuren no anexo I do PCAP.
- e) Supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada.
- f) Asinar as facturas correspondentes unha vez recibidas de conformidade, todas ou parte das obras, subministracións ou servizos contratados.
- g) Asinar a acta de recepción, unha vez comprobado que a obra, subministración ou servizo contratado está rematada definitiva e correctamente. As persoas responsables de asuntos económicos, logo de rexistrar a recepción da factura na aplicación eSICUS, serán os encargados de enviala ao Servizo de Xestión Económica, xunto coa acta de recepción, e seguindo o procedemento establecido.
- h) Pór en coñecemento do Servizo de Xestión Económica calquera incidencia que se produza durante o período de garantía do contrato.

Tres. Non procederá iniciar o expediente de contratación sen os documentos aos que se refiren os puntos a), b e c) do apartado anterior. .

Catro. Nos contratos de obras, a persoa responsable do contrato será o director facultativo da obra.

Cinco. As persoas responsables dos contratos de servizos que afecten con carácter xeral a varios centros, servizos e dependencias da Universidade, articularán un procedemento que permita o control e seguimento descentralizado do cumprimento das prestacións contratadas.

Artigo 12. Supervisión dos proxectos de obras

Un. A función de supervisión dos proxectos de obras que vaia executar a Universidade será exercida pola oficina de supervisión de proxectos que será a encargada de vixiar o cumprimento das normas técnicas reguladoras da materia e do control dos aspectos económicos e de comprobación aritmética deles.

Dous. A oficina de supervisión de proxectos estará constituída inicialmente pola persoa designada pola Xerencia da Área de Infraestruturas e polo/a funcionario/a responsable da unidade administrativa encargada do control interno, sen prexuízo do apoio técnico que sexa requirido para o normal desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 15. *Control de terceiros*

Un. Será esixible a xustificación documental do cumprimento dos requisitos de solvencia económico financeira e técnica ou profesional tanto aos empresarios individuais como ás empresas que superen o volume anual de facturación establecido para os contratos menores na lexislación vixente de contratos públicos, coas que se contraten habitualmente obras, servizos ou subministracións por importes individualizados inferiores a esa contía.

Dous As empresas e empresarios/as individuais ás que se refire o apartado anterior deberán achegar a documentación xustificativa da súa personalidade xurídica e da súa capacidade de obrar e, de ser o caso, dos poderes necesarios para contratar, así como unha declaración relativa ao cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incursos en ningunha das prohibicións de contratar previstas na lexislación vixente de contratos públicos.

Tres. Cando se trate de empresarios que exerzan actividades de prestación de servizos, deberán achegar ademais a xustificación documental de ter subscriba e en vigor unha póliza de responsabilidade civil por riscos profesionais e, de ser o caso, aqueloutra documentación que xustifique estar en posesión das licencias ou autorizacións oficiais que sexan preceptivas para operar no sector de actividade de que se trate, e que veña esixida polas normas específicas que o regulen.

Catro. O incumprimento por parte destes empresarios do requirimento que se lles efectúe por parte dos servizos competentes da Universidade, da xustificación das obrigas establecidas nos parágrafos anteriores, poderá dar lugar á apertura dun expediente contradictorio que, de ser o caso, poderá concluír coa elevación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e/ou do Estado, dunha proposta de incursión en prohibición de contratar coa administración.

Artigo 14. *Responsabilidades das autoridades e do persoal ao servizo da USC en materia de contratación*

Un. A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo da Universidade derivada das súas actuacións irregulares en materia de contratación administrativa, tanto por danos causados a particulares como á propia Universidade, esixirase segundo o disposto nos artigos 36 e 37 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Dous. A infracción ou aplicación indebida dos preceptos contidos na vixente lexislación de contratos do sector público e na aplicación das presentes bases, por parte do persoal ao servizo da Universidade, cando medie negligencia grave debidamente probada, constituirá falta moi grave cuxa responsabilidade disciplinaria que se esixirá conforme a lexislación de aplicación.

Artigo 15. *Tarifas*

Un. Corresponde ao Consello Social a aprobación das tarifas que a Universidade aplique pola prestación de servizos, por proposta da Xerencia, acompañada dunha memoria económico-financeira que xustifique o importe das mesmas así como o grao de cobertura dos custos correspondentes. As tarifas que se publiquen nos respectivos servizos deberán incorporar a referencia da data de aprobación polo Consello Social.

Artigo 16. *Axudas para prezos públicos*

As axudas para prezos públicos por servizos académicos dirixidas ao persoal das universidades do Sistema Universitario de Galicia estableceranse con cargo á dotación que se efectúe no fondo de acción social.

Artigo 17. *Axudas de custo e locomoción*

Un. A percepción de axudas de custo e locomoción debe aterse ao regulado no Real decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e con atención ás seguintes disposicións:

- a) So poderán percibir axudas de custo e locomoción as persoas que acrediten vinculación coa Universidade e xustifiquen o motivo do desprazamento.
- b) Será precisa a autorización previa, polo órgano competente, da comisión de servizo que dea lugar ao desprazamento.
- c) A percepción de axudas pola utilización do vehículo particular para efectuar desprazamentos debe ser excepcional e indicarse sempre o itinerario seguido. Os desprazamentos a fóra de Galicia e que sexan superiores a 300 km será preciso xustificalos achegando recibos de peaxe de autoestradas ou xustificación de reposición de combustible no traxecto.

d) Sempre e cando o gasto sexa considerado como elixible polo ente financiador e se acredite documentalmente, mediante declaración ou documentación xustificativa, a necesidade, autorízase de forma excepcional:

- O gasto de alugueiro de vehículo, sempre que non se poida utilizar ou resulte antieconómico o transporte público ou vehículo propio, xuntando o informe xustificativo da necesidade

- O exceso nun 10% do importe máximo do aloxamento, que deberá xustificarse mediante informe do director de centro de gasto

e) O importe máximo por aloxamento poderá elevarse ata un 50% do importe establecido para cada grupo de forma excepcional e motivada

f) De conformidade co artigo 12 do Real decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, para a determinación do dereito da manutención indícaranse as horas de saída e chegada.

g) A localidade de inicio e fin da comisión de servizo é, con carácter xeral, aquela na que o traballador teña o seu posto de traballo.

h) Darase prioridade ás residencias universitarias propias e á Casa Europa no caso de aloxamento nos Campus de Santiago e Lugo. Sistema Universitario de Residencias.

Artigo 18. Normas en relación con gastos por atencións protocolarias, formación e outros

Un. Os gastos de atencións protocolarias deben ir acompañados dunha motivación suficiente, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos previstos para a xustificación de financiamento por parte das entidades financiadoras.

Dous. Cotas por pertenza a asociacións. Só poderá imputarse no orzamento da USC o gasto correspondente a cotas por pertenza a asociacións a título particular cando se acredite que non existe a opción de cota institucional.

Tres. Nas retribucións correspondentes a conferencias cando se superen os 400 euros será precisa a conformidade do reitor ou órgano no que teña delegada a competencia.

Catro. O pagamento de retribucións por colaboracións ao Persoal de Administración e Servizos será autorizado pola Xerencia de conformidade coa normativa aplicable.

Artigo 190. Gastos contratados no comercio electrónico

Un. Só poderán realizarse compras de material funxible ou inventariable mediante comercio electrónico cando o provedor emita unha factura cuxo destinatario sexa a Universidade e inclúa os seus datos fiscais:

NIF (*VAT number*): ES-Q1518001A

Enderezo fiscal: Rúa Nova, 6. 15782 Santiago de Compostela

O pagamento pode facerse con tarxeta persoal sempre que se cumpran os demais requisitos e o gasto estea autorizado por quen proceda.

Dous. No suposto de gastos en transporte público tramitados a través de comercio electrónico non será necesaria a factura dirixida á Universidade, indicada no apartado anterior servindo de xustificante para a axuda de custo e locomoción para a contratación de billetes de avión, tren ou outro medio de transporte público . A documentación xustificativa deste gasto será a confirmación de reserva na que se indique a contía, a tarxeta de embarque, e a xustificación de ter realizado o pagamento

Artigo 20. Ingresos para a compensación de *custos indirectos*

Un. Os ingresos para a compensación dos custos indirectos serán os establecidos no anexo D dos orzamentos. A porcentaxe mínima a aplicar sobre a base imponible das actividades será do 15% para as actividades non incluídas no anexo.

Dous. O único límite á aplicación dos custes indirectos será o establecido polas entidades financiadoras sobre a elixibilidade ou non dos mesmos.

Tres. Por resolución reitoral poderanse aprobar porcentaxes bonificadas de ingresos por custos indirectos para actividades que, polo seu carácter estratéxico ou por motivos de interese público, se aliñen cos obxectivos e fins da Institución.

Disposición adicional primeira. *Póliza de crédito*.

Un. No caso de que a situación puntual da tesouraría da USC o requira, e exista crédito suficiente nas partidas de gasto, autorízase ao reitor a subscribir unha póliza de crédito por importe máximo de 4.000.000 euros. A cancelación da póliza realizarase antes do 31 de decembro de 2020.

Disposición adicional segunda. *Modificacións de partidas orzamentarias*.

Un. Se, como consecuencia da aprobación de reestruturacións orgánicas ou de medidas de racionalización na xestión do gasto se producen cambios na codificación das partidas

do orzamento, os compromisos adquiridos serán imputados de oficio nas partidas resultantes.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento das bases de execución*

Facúltase ao Xerente da Universidade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto nestas bases.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Estas bases e os orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2020 entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2020.